

ESTREA EN NUMAX: 22.06.2018 | V.O.S.E. | +12

Tully (2018 , 94')

Dirección: Jason Reitman

Guión: Diablo Cody

Elenco: Charlize Theron, Mackenzie Davis, Mark Duplass, Emily Haine, Ron Livingston, Elaine Tan, Maddie Dixon-Poirier, Lia Frankland

Son: Kevin Zimmerman

Montaxe: Stefan Grube

Vestuario: Aieisha Li

Dirección de arte: Craig Humphries, Maki Takenouchi

Fotografía: Eric Steelberg

Música: Rob Simonsen

Produtoras: Bron Studios, Right Way Productions, Denver and Delilah Productions (Estados Unidos)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Hombres, mujeres y niños, 2014

Una vida en tres días, 2013

Young Adult, 2011

Up in the Air, 2009

Juno, 2007

Gracias por fumar, 2005

SINOPSE

Marlo é nai de tres fillos, entre eles un recém nacido. O seu irmán agasállalle os servizos de Tully, unha neneira disposta a axudala cos seus pequenos pola noite. Trátase dunha moza reflexiva e chea de sorpresas, con quen Marlo se mostrará reticente, aínda que finalmente ambas crearán un forte vínculo.

«Un filme marabilloso sobre as mentiras que nos contamos a nós mesmos para seguirmos cordos»

Amy Nicholson, THE GUARDIAN ★★★★★

IF FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO



“O obxectivo era facer algo honesto e real, sen esaxeracións”

Entrevista con Jason Reitman

Por Steven Prokopy

Habitualmente as parellas no cinema atópanse ou na lúa de mel ou na etapa de separación. Rara vez vemos un matrimonio nun punto intermedio, tentando facer que a relación funcione. Como conseguiches transmitir ese sentimento, canda Charlize e Ron? O primeiro chanzo foi o guión, que é moi rico en detalles. Detalles ás veces pequenos como o del hogando aos videoxogos na cama, que eu realmente nunca vin pero que existen. É a xeración que se criou coa Nintendo orixinal. O feito de que vaian xuntos á camara, el co videoxogo e ella co iPad di moito da súa relación. Tamén conta traballar con actores que confíen no outro e eu propio confíe neles e eles en min, establecéndose unha situación de confort no set de gravación. Facer algo honesto e real, sen esaxeracións, ese era o noso obxectivo. O matrimonio vive sen sobresaltos, nun punto da relación onde ninguén quere ser o que rompa a baralla. Non hai discusións, evítanse os conflitos. Ao mesmo tempo hai menos intimidade entre eles, menos contacto físico, comezan a introducir os seus respectivos traballos na casa.

Hai un intre no que Tully di que as palabras aburrido ou normal son axeitadas. Aspiramos a crear unha esfera de seguridade para os nosos fillos e non hai nada malo niso, pero non é complicado pasar de aí a unha vida rutinaria, que nunca imaxinamos ter aos vinte anos.

Hai un momento marabilloso no que Tully anuncia que é o momento de marchar. Está tan compenetrada con Margo que sabe cando ten que dar un paso a un lado e permitir que a parella recobre a súa vida. Nese sentido Tully é realmente unha Mary Poppins. Demostra que non está só para dar leite á pequena senón para salvar unha familia, e unha vez está salvada é o momento de marchar.

Nos dous últimos anos Charlize desenvolveu personaxes moi diferentes desde *Mad Max: Furia en la carretera* (George Miller, 2015), *Blancanieves y la leyenda del cazador* (Rupert Anders, 2012), *Atómica* (David Leitch, 2017) ou *Fast & Furious 8* (F. Gary Gray, 2017), mais non até *Tully* que pon os pés na terra. Como é a vosa relación? Comezou no primeiro encontro, cando ela me levou fóra do estudio e soltou un chiste verde, adoreina e desde ese momento quixemos facer cinema xuntos. *Young Adult* (Jason Reitman, 2011) definiu o ton e a linguaxe. Unha muller pícara e divertida agardando a oportunidade de se liberar. En *Arrested Development* (Mitchell Hurwitz, 2003, TV) tamén estaba moi ben pero era un personaxe diferente. En *Tully* tivo que ir máis ao fondo, coller peso e privarse de

durmir. Todo isto tivo un forte impacto nela pero deu lugar a un personaxe moi real.

Conseguiches xuntar un grupo de actores e técnicos creativos que traballan contigo regularmente. Paréceme especialmente boa a idea de volver xuntar a Charlize co guionista, Diablo Cody. Traballar coa xente que coñeces ben é o máis doado, é como escribir a máquina. Falamos a mesma linguaxe. Traballar co mesmo equipo técnico que entende o sentimento, a imaxe e o ton que quero conseguir ten o mesmo sentido que traballar unha e outra vez cos mesmos actores.

En *Tully* optas por un estilo de montaxe realmente interesante, con escenas que se cortan case no momento en que sabemos cara a onde se dirixen. Volvínme cada vez menos paciente [risas]. Os meus filmes sempre rematan antes do final, porque os terceiros actos abúrrenme mortalmente e non me interesan. No momento en que sei cara a onde vai ir un filme penso: «Estivo ben, xa podemos parar». Nun principio isto era o que lles pasaba aos meus filmes e agora mesmo sucede coas escenas. Moitos cineastas que admiro tamén o fan. Michael Ritchie facíao todo o tempo nos seus primeiros filmes e moitos cineastas novos, sobre todo estranxeiros, fano de marabilla.

Publicado en slashfilm.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**